



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) queremos informaros das novidades relativas á **Igualdade de Xénero na Investigación e Innovación europeas contempladas no programa [Horizon 2020](#)**.

A promoción da igualdade de xénero na investigación e na innovación é un compromiso da Comisión Europea, sendo un tema transversal presente en cada unha das distintas partes do programa de traballo. Así se establece no **Regulamento do Programa Horizon 2020**, que adica o artigo 16 especificamente á Igualdade de xénero.

Neste artigo sinálase que o programa **“garantirá a promoción eficaz da igualdade entre homes e mulleres e a dimensión de xénero no contido da investigación e a innovación”**

O programa Horizon 2020 establece tres obxectivos en materia de xénero:

1. Equilibrio de xénero nos equipos de investigación a todos os niveis

Horizon 2020 fomenta a participación equilibrada entre mulleres e homes nas actividades de investigación. Para reforzar o compromiso dos participantes, a inclusión nas propostas do **equilibrio de xénero** no equipo de investigación será un dos factores de valoración que dará **prioridade ás propostas coa mesma puntuación** no proceso de avaliación.

Ademáis, mediante a firma do **acordo de subvención** (art. 33 do modelo de contrato), os beneficiarios comprometeráanse a promover a igualdade de oportunidades na execución dos seus proxectos, así como, na medida do posible, o equilibrio de xénero no personal asignado, incluído o nivel de supervisión e de xestión.

2. Equilibrio de xénero na toma de decisións

Tratarase de alcanzar o 40% do sexo con menos representación, tendo en conta a situación en cada campo concreto, en cada grupo (por exemplo, grupos de expertos) e en cada panel (por exemplo, en paneis de avaliación).

Para os grupos asesores, o obxectivo elevarase ao 50%, e ademáis, cada grupo debe incluír polo menos un experto con coñecementos de xénero.

3. Integración da dimensión de xénero na investigación e na innovación de contido

A dimensión de xénero intégrase especificamente en varios temas de todas as seccións do programa Horizon 2020. Os Programas de Traballo sinalan aqueles temas que teñen unha dimensión explícita de xénero. Nos formularios de solicitude deberase describir de qué forma se ten en conta a análise de xénero no contido do proxecto, o que constituirá un factor de avaliación. O Ministerio de Economía e Competitividade, a través da [Unidade de Mulleres e Ciencia](#) ofrece un [Manual de Xénero na Investigación](#) sobre cómo incorporar a dimensión de xénero nos distintos procesos e contidos da investigación e a innovación.

Horizon 2020 recolle como novidade a inclusión da formación en materia de xénero como parte dos custos subvencionables do proxecto. O obxectivo é axudar aos investigadores a desenvolver e compartir coñecementos sobre a temática de xénero en relación co proxecto financiado.

Asimesmo o Programa [Ciencia con e para a Sociedade](#) (SWAFS), financia especificamente proxectos de xénero.

Por último, sinalar que distintas institucións e publicacións de investigación europeas contemplan accións específicas de xénero. Entre outros, podemos destacar: o [European Research Council- ERC](#) ten publicado o seu [plan de igualdade de xénero 2014-2020](#); [European Cooperation in Science and Technology - COST](#) contempla unha rede específica adicada ás temáticas de xénero na investigación, [GenderSTE Cost Action](#); e a revista oficial de HORIZON [Horizon Magazine](#) dedica un dos seus catro bloques temáticos a [Women in Science](#).

Agardando que esta información sexa do voso interese, despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexa anular a suscripción.